

CONCELLO DE XOVE

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA, CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA 8 DE OUTUBRO DE 2012.

ASISTENTES:

Alcalde-Presidente:

D. José Demetrio Salgueiro Rapa

Concelleiros:

D. José Manuel González Álvarez

D^a Ana María Abad López

D^a María Dolores Meitin Guerreiro

(incorporouse á sesión sendo as 19,05 horas, trala votación do 1º punto do orde do día)

D^a Cristina Iglesias Guerreiro

D. José Manuel Balseiro Canoura

D. Marco López López

D. José Manuel López Hermida

D. Alberto Santos Vázquez

D. Manuel Angel Meitin Rouco

D^a M^a Rosario Balseiro López

Secretario:

D. Luís María Fernández del Olmo

Interventora:

D^a Elena Santos Rey

Na Casa Consistorial do Concello de Xove, sendo as dezanove horas do día oito de outubro de dous mil doce, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente, D. José Demetrio Salgueiro Rapa, e coa asistencia dos señores Concelleiros á marxe relacionados e do Secretario D. Luís María Fernández del Olmo, procedeuse a celebra-la sesión ordinaria convocada para a hora e día da data.

Sendo a hora sinalada, polo Sr. Alcalde-Presidente, declarouse aberta a sesión, procedéndose ó debate e votación dos asuntos incluídos na orde do día.

1º) APROBACIÓN DOS BORRADORES DAS ACTAS CORRESPONDENTES ÁS SESIÓNS PLENARIAS DE DATA 6 DE AGOSTO E 22 DE SETEMBRO DE 2012.

Polo Secretario municipal, ponse en coñecemento do Pleno Corporativo que no borrador da acta correspondente á sesión extraordinaria do 22/9/2012 reflíctese un erro material de redacción no epígrafe do 1º e único asunto da orde do día e no parágrafo 1º da parte expositiva de dito asunto; de xeito que donde dí “Eleccións Municipais”, debe dicir “Eleccións ó Parlamento Galego”.

Enterada, a Corporación Municipal por unanimidade dos seus membros asistente ás sesión, acorda aproba-los borradores das actas das

sesións plenarias citadas no epígrafe, coa corrección do erro de redacción anteriormente referenciado.

Neste intre, sendo as 19,05 horas, coa autorización da presidencia, incorpórase á sesión a concelleira D^a Dolores Meitin Guerreiro.

2º) MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO, FUNCIONAMENTO E UTILIZACIÓN DA PISCINA CLIMATIZADA MUNICIPAL E DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS ANEXAS. APROBACIÓN INICIAL. ADOPCIÓN DE ACORDO.

Polo Sr. Alcalde-Presidente explícanse os aspectos máis salientables da modificación do regulamento do epígrafe que se reflicten na proposta de Alcaldía que a seguir se transcribe integramente:

PROPOSTA DE ALCALDÍA

“D. José Demetrio Salgueiro Rapa, Alcalde-Presidente do Concello de Xove, no uso das facultades que me son conferidas polo artigo 21.1 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, visto o expediente tramitado para a modificación do

CONCELLO DE XOVE

Regulamento de Réxime Interno, Funcionamento e Utilización dos Servizos da Piscina Municipal de Xove e Instalacións Anexas e previo informe emitido polo secretario municipal sobre o procedemento a seguir, PROPÓN AO CONCELLO PLENO, a modificación de dito Regulamento do seguinte xeito:

1.- Modifícase o Apartado 1º denominado “Das clases de usuarios da piscina municipal”, no seu parágrafo primeiro, relativo á condición de socio da piscina, engadíndose o seguinte parágrafo:

Igualmente terá condición de unidade familiar a formada polas parellas de feito rexistradas no rexistro autonómico de parellas de feito e os fillos non emancipados. A mera convivencia sen existencia, ben de vínculo matrimonial, ben de rexistro de parella, non ten a consideración de unidade familiar co que non dará lugar á obtención da condición de socio.

2.- Modifícase o Apartado 1º denominado “Das clases de usuarios da piscina municipal”, no seu parágrafo segundo, relativo á condición de aboado da piscina, na súa parte terceira, quedando redactada como segue:

O aboado familiar englobará a todos os membros de unha unidade familiar, entendida esta como a formada polos cónxuxes non separados legalmente e os fillos non emancipados. Nos casos de separación legal ou cando non exista vínculo matrimonial, a unidade familiar estará formada polo pai ou nai e todos os fillos e fillas que convivan con un ou outro e que reúnan os requisitos do parágrafo anterior. Igualmente terá condición de unidade familiar a formada polas parellas de feito rexistradas no rexistro autonómico de parellas de feito e os fillos non emancipados. A mera convivencia sen existencia, ben de vínculo matrimonial, ben de rexistro de parella, non ten a consideración de unidade familiar co que non dará lugar á obtención da condición de aboado. Todos os membros da familia terán o mesmo número de aboado.

3.- Modifícase o Apartado 4º 2) Horario de funcionamento, no seu apartado B), quedando redactado como segue:

B) A sala de masaxes poderá ser utilizada no seguinte horario:

- Mañás: De 10.00 h a 13.00 h poderá ser utilizada por calquera persoa empadroada no Concello de Xove maior de 65 anos, teña ou non a condición de socio.

-Tardes: De 18.00 h a 20.00 h poderá ser utilizada polo resto de persoas sempre e cando sexan socios ou aboados da piscina ou usuarios de pago diario.

4.- Modifícase o Apartado 5º “Da escola municipal de natación”, no seu apartado 1) Natación para nenos/as, no seu parágrafo terceiro, quedando redactado como segue:

A duración dos cursos será de dous meses en días alternos, agás no nivel de introdución ao medio acuático, que será de un mes e dos seus horarios darase comunicación previa mediante anuncio no taboleiro de anuncios da piscina podendo variarse segundo as necesidades ou nivel de funcionamento da mesma.

5.- Modifícase o Apartado 5º “Da escola municipal de natación”, no seu apartado 3) Curso de natación escolar, no seu parágrafo primeiro, quedando redactado como segue:

A Escola Municipal de Natación de Xove, tamén organiza en conxunto cos centros de ensino, institutos ou A.P.A.S. do Concello o curso de Natación Escolar. Dito curso vai destinado a escolares de primaria ou secundaria. As clases de natación son en horario escolar, é dicir, de 10.00 a 13.00 horas pola mañán e de 16.30 a 18.00 horas pola tarde e o

CONCELLO DE XOVE

calendario das clases é o mesmo que o calendario escolar. Cada curso asiste a unha clase de natación á semana, realizándose un total de 27 ou 28 clases durante o curso escolar.

6.- Modifícase o Apartado 5º “Da escola municipal de natación”, no seu apartado 4) que pasa a denominarse “Cursos colectivos”, no seu parágrafo primeiro, quedando redactado como segue:

Durante todo o ano a Escola Municipal de Natación organiza cursos de natación para colectivos.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA

O presente Regulamento entrará en vigor ó día seguinte da súa publicación no B.O.P., debendo ademáis transcorrer o prazo de quince días previsto no artigo 65.2 da Lei 7/85, de 2 de abril, para impugnación do acordo pola Administración da Comunidade Autónoma e do Estado, comenzando a aplicarse o día 1 de xaneiro de 2013.”

Enterado, o Concello Pleno, por unanimidade dos seus membros, acorda aprobar inicialmente a modificación do Regulamento de Réxime Interno, Funcionamento e Utilización dos Servizos da Piscina Municipal de Xove e Instalacións Anexas, reflectida na proposta de Alcaldía anteriormente transcrita e sometela ó preceptivo trámite de información pública por prazo de 30 días hábiles, mediante anuncio a publicar no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, e no taboleiro municipal de anuncios, sinalándose expresamente que no suposto de non presentarse alegacións e/ou reclamacións no trámite de información pública, o presente acordo entenderase elevado automaticamente a definitivo.

3º) MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE PISCINA CLIMATIZADA MUNICIPAL E INSTALACIÓNS DEPORTIVAS ANEXAS. APROBACIÓN INICIAL. ADOPCIÓN DE ACORDO.

Polo Sr. Alcalde-Presidente explícanse os aspectos máis salientables da modificación da ordenanza do epígrafe, informada favorablemente pola Comisión Especial de Contas na sesión celebrada con data 4 de outubro de 2012, que se reflecten na proposta de Alcaldía que a seguir se transcribe integramente:

PROPOSTA DE ALCALDÍA

D. José Demetrio Salgueiro Rapa, Alcalde-Presidente do Concello de Xove, no uso das facultades que me son conferidas polo artigo 21.1 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local,

Á vista do disposto nos apartados a) e b) do artigo 4.1 e o artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, que atribúen aos Municipios a potestade regulamentaria, tributaria e financeira; os artigos 15 a 19 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, nos que se regula o procedemento para a imposición, ordenación e modificación dos tributos locais a través das correspondentes ordenanzas fiscais; o artigo 22.2,e) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, que asigna ao Concello Pleno competencia para a determinación dos recursos propios de carácter tributario; e os artigos 20 a 27 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais onde se regula o réxime xurídico das taxas das Entidades Locais.

CONCELLO DE XOVE

Vista a manifesta insuficiencia dos ingresos acadados como contraprestación da prestación do servizo de piscina climatizada municipal e instalacións deportivas anexas, en relación co custe anual do servizo, e de acordo co informado polo Secretario Municipal en relación a que dadas as diferentes modalidades de utilización das instalacións da piscina e anexas, o que daría lugar a un grande abanico de tarifas unitarias a considerar para que, no seu conxunto, os ingresos a obter polas diferentes modalidades de uso puideran equipararse ao custe xerado polo uso das instalacións, neste caso parece máis efectivo que o informe económico a que se refire a Providencia de Alcaldía de 17 de setembro se elabore a partir dunha proposta formulada pola Alcaldía, sendo esta coñecedora dos gastos anuais da instalación así como dos ingresos xerados e o conseguinte déficit da mesma.

Unha vez redactada a presente proposta e emitido o preceptivo informe económico-financieiro para a modificación da correspondente taxa, emítase o Informe de Intervención que proceda, e de ser o mesmo favorable, dictamínese pola Comisión Informativa de Contas e elévese posteriormente a Pleno a seguinte PROPOSTA:

ÚNICA.- Aprobación do Proxecto de modificación da Ordenanza Fiscal reguladora da Taxa pola prestación do servizo de piscina climatizada municipal e instalacións deportivas anexas, do seguinte xeito:

1.- Modifícase o artigo 6 da presente Ordenanza Fiscal, quedando redactado como segue:

Servizo de piscina municipal

1.- *Socios: 90,00 € no caso de socio anual e 30,00 € para o caso de socios trimestrais. Non procederá nin o prorrateo nin a devolución da cuota xa abonada para os casos de baixa.*

2.- *Abonados con bonos de uso*

<u>Abonado individual</u>	
	<i>Bonos de 15 usos</i>
<i>De 0 a 4 anos</i>	-
<i>Desde 5 ata 15 anos</i>	20,00
<i>Maiores de 15 anos</i>	30,00

Tódolos bonos terán caducidade de un ano

3.- *Abonados mensuais*

- *Individuais: 24,00 €/mes*
- *Familiares: 30,00 €/mes*

4.- *Entrada libre*

- *-De 15 anos e maiores: 4,00 €*
- *-Menores de 15 anos: 2,00 €*

5.- *Aluguer de calles*

- *-Calle/hora: 25,00 €/hora*

6.- *Cursos da Escola Municipal de Natación*

- *-Nivel de introdución "Á auga peques":*
- *-Socios e abonados mensuais: 15,00 € para o caso de cursiños de tres días semanais e 10,00 € para os de dous días semanais*

CONCELLO DE XOVE

- -Non socios ou non abonados: 30,00 € para o caso de cursiños de tres días semanais e 20,00 € para os de dous días semanais

-Niveis branco, amarelo, verde, azul e vermello:

- -Socios e abonados mensuais: 20,00 €
- -Non socios ou non abonados: 35,00 €

-Iniciación, perfeccionamento e natación de mantemento de adultos:

- -Socios e abonados mensuais: 20,00 €
- -Non socios ou non abonados: 35,00 €

Para poder disfrutar da tarifa de socio, éste deberá ter aboadas as cuotas correspondentes ao ano para o que solicite o curso. Asímesmo, para poder disfrutar das tarifas de abonado éste deberá ter pagadas as cuotas mensuais correspondentes aos meses de curación do curso.

7.- Cursos para colectivos:

- -15 anos e menores de 15 anos: 1,20 € por sesión e por alumno
- -Maires de 15 anos: 1,50 € por sesión e por alumno
- -Colectivos de discapacitados: 1,00 € por sesión e por alumno

8.- Curso de natación escolar: 25,00 € por alumno

9.- Material

- -Gorros: 3,00 €
- -Gafas: 8,00 € o modelo de nenos e 10,00 € o modelo de adultos
- -Pinzas: 2,00 €
- -Camisetas: 8,00 €
- -Sudadeiras: 12,00 €

Servizo de masaxismo

1.- Servizo individual

TIPO DE MASAXE	DURACIÓN	TARIFA
Masaxe de costas	30 minutos	10,00 €
Masaxe de pernas	30 minutos	10,00 €
Masaxe de brazos	30 minutos	10,00 €
Masaxe completo	45 minutos	20,00 €

2.- Bono de 5 usos

TIPO DE MASAXE	DURACIÓN	TARIFA
Masaxe de costas	30 minutos	40,00 €
Masaxe de pernas	30 minutos	40,00 €
Masaxe de brazos	30 minutos	40,00 €

CONCELLO DE XOVE

<i>Masaxe completo</i>	<i>45 minutos</i>	<i>70,00 €</i>
------------------------	-------------------	----------------

3.- *Usuarios maiores de 65 anos aos que se refire o Apartado 4º 2)B) do Regulamento de Réxime Interno do servizo, que non teñan a condición de socio da piscina*

<i>TIPOS DE MASAXE INDIVIDUAL</i>	<i>DURACIÓN</i>	<i>TARIFA</i>
<i>Masaxe individual de costas</i>	<i>30 minutos</i>	<i>5,00 €</i>
<i>Masaxe individual de pernas</i>	<i>30 minutos</i>	<i>5,00 €</i>
<i>Masaxe individual de brazos</i>	<i>30 minutos</i>	<i>5,00 €</i>
<i>Masaxe completo</i>	<i>45 minutos</i>	<i>10,00 €</i>

<i>TIPOS DE MASAXE EN RÉXIME DE BONOS DE 5 USOS</i>	<i>DURACIÓN</i>	<i>TARIFA</i>
<i>Masaxe de costas</i>	<i>30 minutos</i>	<i>20,00 €</i>
<i>Masaxe de pernas</i>	<i>30 minutos</i>	<i>20,00 €</i>
<i>Masaxe de brazos</i>	<i>30 minutos</i>	<i>20,00 €</i>
<i>Masaxe completo</i>	<i>45 minutos</i>	<i>40,00 €</i>

2.- *Modifícase o artigo 7, quedando redactado como segue:*

-O pago da entrada libre así como do material que o usuario desexe adquirir realizarase mediante ingreso directo no control da piscina. Os correspondentes xustificantes serán entregados mensualmente na tesourería municipal xunto co ingreso dinerario correspondente aos efectos do seu debido control.

-Tanto o aluguer de calles coma as cuotas dos distintos tipos de cursiños da Escola Municipal de Natación así coma as cuotas de socios trimestrais, os bonos de 15 usos e os bonos de carácter mensual que poideran expedirse, serán abonados mediante ingreso bancario previo e total do seu importe. O xustificante de pago deberá presentarse polo usuario como comprobante no momento do comezo das actividades.

-Para os cursiños de natación escolar e os cursos para colectivos expedirase liquidación tributaria durante a realización do curso ou ben á finalización do mesmo.

-As cuotas de socio anual xestionaranse por padrón que se aprobará durante o mes de xaneiro, podendo ser obxecto de domiciliación bancaria. As altas como socio anual deberán abonarse mediante ingreso bancario, incluíndose no padrón dos sucesivos exercicios.

-Suspensión temporal da cuota. Se a piscina tivese que permanecer pechada por un período igual ou superior a 1 mes por razón de obras de reparación, mantemento ou

CONCELLO DE XOVE

calquer outro motivo, para o caso de socios anuais, reducirase a cuota a abonar o exercicio seguinte a razón de 7,5 euros por mes completo de peche, e para o caso de socios trimestrais e abonados mensuais trasladarase a prestación do servizo ao mes ou meses seguintes.

4.- Modifícase o artigo 8, quedando redactado como segue:

Servizo de piscina municipal

Gozarán de unha redución do 100% da cuota os nenos con idades comprendidas entre os 0 e os catro 4, inclusive así como o C.E.I.P. Pedro Caselles Rollán, en concepto de natación escolar.

Servizo de masaxismo

Gozarán de unha redución do 100% da cuota os usuarios maiores de 65 anos aos que se refire o Apartado 4º 2)B) do Regulamento de Réxime Interno do servizo, que teñan a condición de socio da piscina

DISPOSICIÓN DERRADEIRA

A presente Ordenanza entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no B.O.P. e comenará a aplicarse o 1 de xaneiro de 2013, permanecendo en vigor mentras non se acorde a súa modificación ou derogación expresas. “

Sinala o Sr. Alcalde-Presidente que as modificacións transcritas perseguen un dobre obxectivo, dunha banda intentar reducir o déficit que xenera o servizo de piscina municipal e simultaneamente seguir tendo unhas taxas competitivas que permitan seguir mantendo abonados doutros concellos, que aportan uns ingresos imprescindibles para o mantemento do servizo.

En calquera caso, resulta evidente que Xove segue a ter as taxas máis baixas de toda a Mariña.

Polo Sr. López Hermida manifestase que o BNG en principio non tería inconvinte en aproba-la proposta de Alcaldía por considerar razoables tanto os obxectivos como a contía das taxas; sen embargo é necesario ter en conta que esta proposta non é un feito illado, senón que se enmarca nunha política xeralizada de aumento da presión fiscal e tributaria sobre tódolos galegos, política que nuns tempos de crise está a provocar efectos dramáticos en gran parte da poboación, incluída veciñanza de Xove.

Remata a súa intervención o Sr. López Hermida, manifestando que polas razóns expostas, o grupo municipal do BNG váise abster.

Polo Sr. Santos Vázquez manifestase que as modificacións propostas non van a solucionar ningún problema, engadindo que Xove ten capacidade económica suficiente para non ter que subi-los impostos.

Rematado o debate, o Concello Pleno, cos votos a favor dos Sres. Salgueiro Rapa, González Álvarez, Abad López, Meitin Guerreiro, Iglesias Guerreiro, Balseiro Canoura, Meitin Rouco, Balseiro López; co voto en contra do Sr. Santos Vázquez e coa abstención dos Srs. López López, e López Hermida, acorda aprobar inicialmente a modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora da taxa pola prestación do Servizo de Piscina Climatizada Municipal e Instalacións Deportivas Anexas e sometela ó preceptivo trámite de información pública por prazo de 30 días hábiles, mediante anuncio a publicar no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, e no taboeiro municipal de anuncios, sinalándose expresamente que no suposto de non presentarse alegacións e/ou reclamacións no trámite

CONCELLO DE XOVE

de información pública, o presente acordo entenderase elevado automaticamente a definitivo.

4º) MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCCIÓN, INSTALACIÓN E OBRAS. APROBACIÓN INICIAL. ADOPCION DE ACORDO.

Polo Sr. Alcalde-Presidente explícanse os aspectos máis salientables da modificación da ordenanza do epígrafe, informada favorablemente pola Comisión Especial de Contas na sesión celebrada con data 4 de outubro de 2012, que se reflicten na proposta de Alcaldía que a seguir se transcribe integramente:

PROPOSTA DE ALCALDÍA

“JOSÉ DEMETRIO SALGUEIRO RAPA, Alcalde-Presidente do Concello de Xove,

Visto o Real Decreto-Lei 19/2012, de 25 de maio, de medidas urxentes de liberalización do comercio e de determinados servizos, que entrou en vigor o 26 de maio de 2012 e cuxa disposición final primeira modifica determinada normativa de aplicación nas entidades locais, entre elas, o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo,

Pola presente propono ao Concello Pleno a adopción do seguinte ACORDO:

ÚNICO.- Modificación do articulado da Ordenanza Fiscal Reguladora do Imposto sobre Construcción, Instalación e Obras, adaptando o seu texto á lexislación anteriormente referenciada, do seguinte xeito:

1.- Modifícase o artigo 1º.1 que queda redactado como segue:

O Imposto sobre Construcción, Instalación e Obras é un tributo indirecto que ten por feito imponible a realización, dentro do termo municipal, de calquera construcción, instalación ou obra para a que se esixa obtención da correspondente licenza de obras ou urbanística, se obtivese ou non dita licenza, ou para a que se esixa presentación de declaración responsable ou comunicación previa, sempre que a expedición da licenza ou a actividade de control corresponda ao Concello de Xove.

2.- Modifícase o artigo 2º.2 que queda redactado como segue:

No suposto de que a construcción, instalación ou obra non sexa realizada polo suxeito pasivo contribuínte terán a consideración de suxeitos pasivos substitutos do contribuínte que solicite as correspondentes licenzas ou presenten as correspondentes declaracións responsables ou comunicacións previas ou quen realice as construccións, instalacións ou obras.

O substituto poderá esixir do contribuínte o importe da cuota tributaria satisfeita.

3.- Modifícase o artigo 8 no seu parágrafo primeiro, que queda redactado como segue:

Cando se conceda licenza preceptiva ou se presente a declaración responsable ou a comunicación previa ou cando, non téndose solicitado, concedido ou denegado aínda aquela ou presentado estas, se inicie a construcción, instalación ou obra, practicarase unha liquidación provisional a conta, determinándose a base imponible en función do orzamento presentado polos interesados sempre que o mesmo fose visado polo colexio oficial correspondente cando isto constitúa un requisito preceptivo; noutro caso a base imponible será determinada polos técnicos municipais, de acordo co coste estimado do proxecto ou en base aos módulos ou índices establecidos polo colexio oficial correspondente.”

CONCELLO DE XOVE

Enterado, o Concello Pleno, por unanimidade dos seus membros, acorda aprobar inicialmente a modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras reflectida na proposta de Alcaldía anteriormente transcrita e sometela ó preceptivo trámite de información pública por prazo de 30 días hábiles, mediante anuncio a publicar no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, e no taboeiro municipal de anuncios, sinalándose expresamente que no suposto de non presentarse alegacións e/ou reclamacións no trámite de información pública, o presente acordo entenderase elevado automaticamente a definitivo.

5º) REGULAMENTO DE UTILIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DA INSTALACION DEPORTIVA “PISTA DE PADEL MUNICIPAL”. APROBACIÓN INICIAL. ADOPCIÓN DE ACORDO.

Polo Sr. Alcalde-Presidente explícanse os aspectos máis salientables do regulamento do epígrafe que se reflicten na proposta de Alcaldía que a seguir se transcribe integramente:

PROPOSTA DE ALCALDÍA

“D. José Demetrio Salgueiro Rapa, Alcalde-Presidente do Concello de Xove, no uso das facultades que me son conferidas polo artigo 21.1 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, visto o expediente tramitado para a aprobación do Regulamento de Funcionamento e Utilización da Instalación deportiva da pista de pádel municipal e previo informe emitido polo secretario municipal sobre o procedemento a seguir, propón ao concello Pleno, a aprobación de dito Regulamento coa seguinte redacción:

REGULAMENTO DE UTILIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DA INSTALACIÓN DEPORTIVA PISTA DE PÁDEL MUNICIPAL

Constitúe o obxecto deste Regulamento a regulación do uso e funcionamento da pista de pádel municipal como ben de servizo público, suxeita á autoridade do Concello, a quen corresponde a súa administración, dirección e coidado, salvo naquelo que poda ser competencia propia de outras autoridades ou organismos.

O presente Regulamento dítase ao abeiro do establecido no artigo 4.1.a) da lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.

REXIME XERAL DE UTILIZACION DA INSTALACIÓN

- 1) As persoas interesadas na utilización da pista de pádel municipal deberán solicitar a previa autorización no lugar e datas que se indican no presente Regulamento.
- 2) Unha vez concedida a autorización, o tempo non disfrutado da instalación, por causas alleas ao Concello, considerarase en todo caso como utilizado, non podendo esixirse prolongacións, cambios ou devolucións da taxa abonada.
- 3) Os usuarios, así como acompañantes ou espectadores, deberán contribuír a manter limpas todas as dependencias da instalación.
- 4) Está totalmente prohibido fumar e comer na totalidade da instalación así coma o consumo de bebidas alcohólicas. Igualmente, prohíbese a entrada á instalación con envases de vidro.
- 5) Está prohibido realizar calquera actividade de xogo fóra das zonas habilitadas para o mesmo.

CONCELLO DE XOVE

- 6) Está totalmente prohibida a entrada de animais.
- 7) Está prohibido acceder á pista por algún lugar que non sexa as propias portas ou lugar de acceso. De igual xeito, o cambio de campo dos xogadores durante o partido, deberá realizarse polas portas da pista, en ningún caso saltando a rede.
- 8) O público, acompañantes e familiares, deberán ocupar o exterior da pista.
- 9) Non poderán utilizarse dentro da pista material que non sexa específico da práctica do pádel, co que se prohibe o uso de zapatillas de tacos, e de aquel calzado que non teña suela de goma.
- 10) Queda prohibida a manipulación do dispositivo que regula a rede por parte dos usuarios.
- 11) Queda terminantemente prohibido impartir clases na instalación sen a autorización expresa da Concellería de Deportes.
- 12) O Concello de Xove non se fai responsable da perda ou extravío de obxectos que se deixen na instalación.
- 13) A realización de unha reserva implica a manifestación de estar físicamente apto para a realización da actividade físico-deportiva.
- 14) O usuario da pista de pádel deberá poñer en coñecemento do Concello as anomalías ou desperfectos que puidera detectar na instalación.
- 15) Os desperfectos que se orixinen polo mal uso ou negligencia da instalación, serán por conta do usuario que formalizou a reserva. Este comportamento levará implícita unha sanción non económica que deriva na imposibilidade de utilización da pista, sexa ou non solicitante de unha reserva, durante 3 meses e previo o pago esixido. A reiteración deste tipo de conducta poderá provocar a prohibición de uso da pista de xeito indefinido.

HORARIO DE USO

A pista de pádel permanecerá aberta para a práctica do deste deporte de luns a domingo en horario de 10.00 a 23.30 horas, agás cando as inclemencias meteorolóxicas ou a realización de labores de mantemento non fagan posible a súa apertura.

RESERVAS E USO DAS PISTAS

- 1) O uso da pista será en módulos de 90 minutos.
- 2) O número máximo de xogadores é de 4 persoas en pista, salvo excepcións (cursos, torneos,...)
- 3) O horario para realizar a reserva será o seguinte:
 - a. Horario de inverno:
 - i. Luns a venres: de 10.00 h a 13.00 h e de 16.00 h a 22.00 h.
 - ii. Sábados: de 11.00 h a 13.00 h e de 17.30 h a 20.30
 - b. Horario de verán:
 - i. Luns a venres: de 10.00 h a 13.00 h e de 18.00 h a 22.00 h
 - ii. Sábados: de 10.30 a 13.30
- 4) As reservas efectuaranse como máximo dous días antes de xeito presencial no control da piscina municipal cubrindo o modelo de solicitude deseñado ao efecto

CONCELLO DE XOVE

- 5) O solicitante somentes poderá reservar, dentro do prazo dos dous días, como máximo 2 franxas horarias por día.
- 6) A realización de unha reserva implica o abono simultáneo da taxa que se estableza na Ordenanza Fiscal reguladora correspondente.
- 7) Poderase efectuar unha reserva sempre que a pista estea dispoñible, ata instantes antes do horario desexado e sempre e cando coincida dentro do horario de apertura da piscina municipal aos efectos de cubrir o modelo de solicitude e pagar a correspondente taxa.
- 8) En ningún caso se poderá reservar pista fóra do horario establecido de reservas nin telefónicamente.
- 9) Para o uso da pista por menores de idade, a reserva deberá ser efectuada por un adulto, que será o responsable do bo uso da instalación.
- 10) No momento da reserva de pista farase entrega da chave da instalación, que deberá ser depositada no buzón instalado ao efecto á entrada da piscina municipal unha vez terminado o período de reserva.
- 11) Durante a realización de torneos ou campionatos organizados polo Concello de Xove, non poderán realizarse reservas.
- 12) Anulación ou cancelación de reservas:
 - -Por motivos de inclemencia meteorolóxica que impidan a práctica do deporte. A anulación deberá comunicarse en todo caso e con carácter previo, ben de xeito presencial ou telefonicamente. O solicitante da reserva que se anula poderá optar pola devolución do importe abonado (neste caso a anulación deberá ser sempre presencial) ou polo traslado da reserva a outra franxa horaria.
 - -Por outros motivos. A anulación deberá comunicarse en todo caso e con carácter previo, ben de xeito presencial ou telefonicamente. Neste caso, o solicitante non terá dereito á devolución do pagamento efectuado pero sí ao traslado de reserva a outra franxa horaria. Caso de non comunicarse previamente á anulación, non haberá lugar ao traslado de reserva, debendo abonarse de novo a tarifa por nova reserva.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA

O presente Regulamento entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no B.O.P., debendo ademais transcurrir o prazo de quince días previsto no artigo 65.2 da Lei 7/85, de 2 de abril, para impugnación do acordo pola Administración da Comunidade Autónoma e do Estado, comenzando a aplicarse no momento do transcurso de dito prazo, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresas. “

Enterado, o Concello Pleno, por unanimidade dos seus membros, acorda aprobar inicialmente o Regulamento de utilización e funcionamento da instalación deportiva “Pista de Padel Municipal”, reflectida na proposta de Alcaldía anteriormente transcrito e sometela ó preceptivo trámite de información pública por prazo de 30 días hábiles, mediante anuncio a publicar no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, e no taboeiro municipal de anuncios, sinalándose expresamente que no suposto de non presentarse alegacións e/ou reclamacións no trámite de información pública, o presente acordo entenderase elevado automaticamente a definitivo.

CONCELLO DE XOVE

6º) ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA UTILIZACIÓN DA INSTALACIÓN DEPORTIVA “PISTA DE PADEL MUNICIPAL”. APROBACIÓN INICIAL. ADOPCIÓN DE ACORDO.

Polo Sr. Alcalde-Presidente explícanse os aspectos máis salientables da ordenanza fiscal do epígrafe, informada favorablemente pola Comisión Especial de Contas na sesión celebrada con data 4 de outubro de 2012, que se reflicten na proposta de Alcaldía que a seguir se transcribe integramente:

PROPOSTA DE ALCALDÍA

“D. José Demetrio Salgueiro Rapa, Alcalde-Presidente do Concello de Xove, no uso das facultades que me son conferidas polo artigo 21.1 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local,

Á vista do disposto nos apartados a) e b) do artigo 4.1 e o artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, que atribúen aos Municipios a potestade regulamentaria, tributaria e financeira; os artigos 15 a 19 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, nos que se regula o procedemento para a imposición, ordenación e modificación dos tributos locais a través das correspondentes ordenanzas fiscais; o artigo 22.2,e) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, que asigna ao Concello Pleno competencia para a determinación dos recursos propios de carácter tributario; e os artigos 20 a 27 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais onde se regula o réxime xurídico das taxas das Entidades Locais.

Vista a necesidade de, unha vez rematada a súa construción, poñer en funcionamento a pista de pádel municipal, e tendo en conta o informe técnico económico redactado que pon de manifesto a marxe de autofinanciamento da instalación, emítase o Informe de Intervención que proceda en relación co expediente de establecemento do tributo que a xeito de taxa grava a utilización da pista de pádel municipal, e de ser o mesmo favorable, dictamíñese pola Comisión Informativa de Contas e elévese posteriormente a Pleno a seguinte PROPOSTA:

ÚNICA.- Aprobación do Proxecto de Ordenanza Fiscal reguladora da Taxa pola utilización da instalación deportiva pista de pádel, do seguinte xeito:

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA UTILIZACIÓN DA INSTALACIÓN DEPORTIVA PISTA DE PÁDEL

FUNDAMENTO E REXIME

Artigo 1.- Este Concello conforme ao autorizado polo artigo 106 da Lei 7/85 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e consonte co previsto no artigo 20.4.o) do RDL 2/2004, de 5 de marzo, Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, establece a Taxa pola utilización a instalación deportiva da pista de pádel, que se regulará pola presente Ordenanza, redactada conforme ao disposto no artigo 16 do RDL 2/2004 antes citado.

FEITO IMPONIBLE

Artigo 2.- Constitúe o feito imponible deste tributo a utilización da pista de pádel municipal, na forma que se indica no Regulamento de Utilización e Funcionamento da mesma.

DEVENGO

CONCELLO DE XOVE

Artigo 3.- A taxa considerarase devengada nacendo a obriga de contribuir desde o momento que se solicita a reserva de utilización da instalación deportiva que se regula nesta Ordenanza.

SUXEITOS PASIVOS

Artigo 4.- Serán suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas, xurídicas así como os entes a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, que soliciten a utilización da pista de pádel.

RESPONSABLES

Artigo 5.- Aos efectos de recoñecer aos responsables solidarios e subsidiarios da obriga tributaria, estarase ó disposto no establecido na Sección 3ª do Capítulo II do Título II da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

CUOTA TRIBUTARIA

Artigo 6.- A contía da taxa será a fixada na seguinte tarifa:

- Pista de pádel.....5 €/hora e media

NORMAS DE XESTIÓN

Artigo 7.- O pago da taxa realizarase a xeito de autoliquidación no momento de efectuar a reserva de pista e somentes se procederá á devolución da mesma cando causas de inclemencia meteorolóxica impidan a práctica do deporte.

A cancelación ou anulación de unha reserva efectuada por causas distintas da anterior, non dará lugar á devolución do pagamento efectuado pero sí ao traslado de reserva a outra franxa horaria nas condicións que establece o Regulamento de Utilización e Funcionamento da Instalación.

O abono da taxa somentes conlevará o dereito de utilización da mesma, non de ningunha outra instalación do Concello.

SUPOSTOS DE NON SUXECCIÓN, EXENCIONS, REDUCCIONS E DEMAIS BENEFICIOS LEGALMENTE APLICABLES

Artigo 8.- Non estará suxeita ao pago da taxa a utilización da pista de pádel para a realización de campionatos ou torneos organizados polo Concello de Xove.

Non procederá a aplicación de exención ningunha nin se concederá ningunha bonificación nin redución que non derive do cumprimento da Lei ou da aplicación de Tratados Internacionais.

INFRACCIONS E SANCIONS TRIBUTARIAS

Artigo 9.- No relativo á calificación de infraccións tributarias e sancións, estarase ao disposto no Regulamento de Utilización e Funcionamento da instalación pista de pádel así como nos artigos 178 e seguintes da Lei Xeral Tributaria e demais normativa aplicable.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

En todo o non previsto nesta Ordenanza será de aplicación o Regulamento de Utilización e Funcionamento da instalación deportiva pista de pádel municipal.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA

CONCELLO DE XOVE

A presente Ordenanza entrará en vigor e comenzará a aplicarse ao día seguinte da súa publicación no B.O.P., permanecendo en vigor mentres non se acorde a súa modificación ou derogación expresas.”

O Concello Pleno, por unanimidade dos seus membros, acorda aprobar inicialmente a Ordenanza Fiscal Reguladora da taxa utilización da instalación deportiva “Pista de Padel municipal”, reflectida na proposta de Alcaldía anteriormente transcrito e sometela ó preceptivo trámite de información pública por prazo de 30 días hábiles, mediante anuncio a publicar no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, e no taboeiro municipal de anuncios, sinalándose expresamente que no suposto de non presentarse alegacións e/ou reclamacións no trámite de información pública, o presente acordo entenderase elevado automaticamente a definitivo.

7º) EXPEDIENTE DE DECLARACIÓN DE NON DISPONIBILIDADE DE CRÉDITOS, EN CUMPRIMENTO DO DISPOSTO NO REAL DECRETO LEI 20/2012 DE 13 DE XULLO. ADOPCIÓN DE ACORDO.

Polo Sr. Alcalde manifestase que coa proposta do epígrafe que a seguir se transcribe, dáse cumprimento ó disposto no R.D.L. 20/2012 de 13 de xullo, engadindo que os órganos de goberno dunha administración pública teñen se cadra máis obriga que naide en cumprir o disposto nas leis, con independencia das opinións persoais ou políticas que o contido dalgunha normativa poida xerar.

PROPOSTA DE ALCALDÍA

“D. JOSÉ DEMETRIO SALGUEIRO RAPA, Alcalde-Presidente do Concello de Xove, no uso das facultades que me son conferidas polo artigo 21.1 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das bases de Réxime Local,

VISTA a Providencia de Alcaldía de data 24 de setembro de 2012 pola que se ordea que, co obxecto de dar cumprimento ao esixido polo RD-Lei 20/2012, de 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e o fomento da competitividade, polo Técnico de Recursos Humanos do Concello se emita informe en relación á contía que debe reterse no mes de decembro en concepto de paga extraordinaria, complemento específico adicional e equivalentes do persoal funcionario, laboral fixo e laboral temporal e asísesmo, se emita informe de Intervención sobre o procedemento para levar a cabo o cumprimento do preceptuado no meritado RD-Lei 20/2012, de 13 de xullo.

Unha vez emitidos ámbolos dous informes e de acordo co establecido no Informe de Intervención, en particular, esta Alcaldía propón ó Concello Pleno:

ÚNICO.- A declaración de non disponibilidad no Orzamento Municipal vixente para 2012 dos seguintes créditos por importe de 103.051,65 € tendo en conta que se ben a aprobación da mesma non supón a anulación do crédito, non se poderán acordar autorizacións de gasto nin transferencias con cargo a dito crédito e o seu importe non poderá ser incorporado ó Orzamento do exercicio seguinte:

<u>Aplicación orzamentaria</u>		<u>Definición</u>	<u>Importe dispoñible na partida €</u>	<u>Importe a declarar non dispoñible €</u>
Gr. Prog.	Económico.			

CONCELLO DE XOVE

130		Admón. Xeral de Seguridade		
	130.00	Retribucións básicas	44.750,39	11.937,80
151		Urbanismo		
	130.00	Retribucións básicas	75.014,76	15.853,71
	131	Retribucións laboral temporal	81.809,33	4.174,98
161		Saneamento e distribución de auga		
	130.00	Retribucións básicas	19.355,39	4.193,04
163		Limpeza viaria		
	130.00	Retribucións básicas	5.674,52	1.287,80
171		Parques e xardíns		
	131	Retribucións laboral temporal	5.145,44	1.006,06
230		Admón. Xeral de servizos sociais		
	130.00	Retribucións básicas	14.407,20	3.365,69
	131	Retribucións laboral temporal	9.968,51	1.822,32
231		Acción social		
	131	Retribucións laboral temporal	13.989,88	3.018,28
241		Fomento do emprego		
	131	Retribucións laboral temporal	51.042,03	1.876,78
321		Educación preescolar e primaria		
	131	Retribucións laboral temporal	38.619,18	4.473,78
332		Bibliotecas e arquivos		
	130.00	Retribucións básicas	6.993,17	1.645,64
331		Admón. Xeral de Cultura		
	120.09	Pagas extraordinarias	1.585,69	1.514,31
	121.01	CE adicional	5.893,40	1.450,66
337		Ocio e tempo libre		
	130.00	Retribucións básicas	9.472,08	1.620,97
341		Promoción e fomento do deporte		
	131	Retribucións laboral temporal	9.737,79	625,06
342		Instalacións deportivas		
	130.00	Retribucións básicas	49.872,06	11.231,27

CONCELLO DE XOVE

	131	Retribucións persoal temporal	20.348,92	1.129,89
920		Admón. Xeral		
	120.09	Pagas extraordinarias	6.945,24	5.546,99
	121.01	CE adicional	22.966,55	4.732,26
	130.00	Retribucións básicas	44.143,02	9.796,65
	131	Retribucións laboral temporal	28.873,99	3.628,12
931		Política económica e fiscal		
	120.09	Paga extraordinaria	3.104,94	3.095,06
	121.01	CE adicional	16.254,70	4.024,53
		TOTAIS		103.051,65

“

Polo Sr. López López manifestase que con independencia da esixencia legal de saca-la paga extra de decembro a tódolos empregados públicos, o BNG vai votar en contra para manifestar o seu total rexeitamento ó contido do Real Decreto Lei 20/2012 de 13 de xullo.

Polo Sr. Santos Vázquez manifestase que se vai abster.

Rematado o debate, o Concello Pleno, cos votos a favor dos Srs. Salgueiro Rapa, González Alvarez, Abad López, Meitin Guerreiro, Iglesias Guerreiro, Balseiro Canoura, Meitin Rouco, Balseiro López; coa abstención do Sr. Santos Vázquez e co voto en contra dos Srs. López López, e López Hermida, acorda aproba-la proposta de Alcaldía anteriormente transcrita.

8º) PROPOSTA DE ALCALDÍA NA QUE SE REFLECTE A RENUNCIA Ó COBRO DA PAGA EXTRAORDINARIA DE DECEMBRO POR PARTE DOS MEMBROS DA CORPORACIÓN QUE TEÑEN APROBADAS RETRIBUCIÓN POLAS SÚAS DEDICACIÓN EXCLUSIVAS OU PARCIAIS. ADOPCIÓN DE ACORDO.

Polo Sr. Alcalde manifestase que os membros do grupo de goberno que cobran retribucións polo exercicio do seu cargo, con adicación exclusiva ou adicación parcial, considéranse uns traballadores máis coma o resto do cadro de persoal, e na súa consecuencia presentan a proposta que a seguir se transcribe integramente:

“PROPOSTA CONXUNTA QUE SE ELEVA AO CONCELLO PLENO PARA A RENUNCIA Á PERCEPCIÓN DA PAGA EXTRAORDINARIA CORRESPONDENTE AO MES DE DECEMBRO DE 2012.

D. José Demetrio Salgueiro Rapa, Alcalde-Presidente do Concello de Xove; Dona Dolores Meitín Guerreiro, Concelleira delegada de Agricultura, Gandería, Montes, Cultura e Educación; Dona Ana Abad López, Concelleira delegada de Servizos Sociais, Sanidade, Xuventude, Muller e Políticas de Igualdade; e Dona Cristina Iglesias Guerreiro, Concelleira delegada de Turismo e Deportes.

Visto o apartado 1 do artigo 2 do RD-Lei 20/2012, de 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e o fomento da competitividade, que establece a obriga de reducir as retribucións anuais de 2012 do persoal ao servizo do sector público, no importe correspondente á paga extraordinaria do mes de decembro, nos seguintes termos:

CONCELLO DE XOVE

“No ano 2012 o persoal do sector público definido no artigo 22.Un da Lei 2/2012, de 29 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado, verá reducidas as súas retribucións nas contías que corresponda percibir no mes de decembro como consecuencia da supresión tanto da paga extraordinaria como da paga adicional de complemento específico ou pagas adicionais equivalentes de dito mes”.

Visto igualmente que o artigo 22 da Lei 2/2012, de 29 de xuño, establece no seu apartado Dous que: “No ano 2012, as retribucións do persoal ao servizo do sector público non poderán experimentar ningún incremento a respecto das vixentes a 31 de decembro de 2011, en términos de homoxeneidade para os dous períodos da comparación, tanto polo que respecta a efectivos de persoal coma a antigüidade do mesmo”.

Tendo en conta que, por acordo do Concello Pleno, na súa sesión celebrada o 17 de xuño de 2011, adoptáronse entre outros, os acordos (puntos 10º, 15º, 16º e 17º) de fixación de retribucións aos concelleiros que desempeñan o seu cargo en réxime de adicación exclusiva ou parcial.

Vista a Providencia de Alcaldía de 26 de setembro dos presentes e o informe emitido polo Técnico de RRHH en cumprimento da mesma.

Á vista do exposto anteriormente, e como consecuencia de que o persoal ao servizo do Concello de Xove, en virtude da normativa anterior, ve reducidas as súas retribucións anuais no importe da paga extraordinaria que correspondería percibir no mes de decembro, PROPOÑEMOS ao Concello Pleno que adopte o seguinte ACORDO:

ÚNICO.- A aceptación da renuncia á paga extraordinaria correspondente ao mes de decembro establecida nos acordos plenarios anteriormente referenciados e que importa un total de 8.015,09 euros. “

O Sr. López López manifesta que o BNG considera que a supresión da paga extra de decembro debería afectar non só os traballadores/empregados públicos, senón tamén os cargos políticos, e non deixar á vontade destes a toma de decisións que son campo de cultivo de toda clase de demagoxias, en consecuencia, o BNG vaise abster porque non ten nada que opinar sobre decisións persoais de ninguén.

Polo Sr. Alcalde manifestase que se o R.D.L. 20/2012 de 13 de xullo non é aplicable ós cargos políticos das entidades locais, débese á sinxela razón de que o órgano competente para aprobar as retribucións de ditos cargos é o Pleno das respectivas corporacións.

Rematado o debate, o Concello Pleno, cos votos a favor dos Sres. Salgueiro Rapa, González Álvarez, Abad López, Meitin Guerreiro, Iglesias Guerreiro, Balseiro Canoura, Meitin Rouco, Balseiro López; e coa abstención dos Sres. Santos Vázquez, López López, e López Hermida, acorda aproba-la proposta de Alcaldía anteriormente transcrita.

9º) INFORMACIÓN PERIÓDICA PARA O PLENO CORPORATIVO, VERBO DA EXECUCIÓN DO ORZAMENTO E DO MOVEMENTO E SITUACIÓN DA TESOURERÍA MUNICIPAL (ART. 207 DO R.D.L. 2/2004 DE 5 DE MARZO). DAR CONTA.

Polo Sr. Alcalde dáse conta á Corporación do expediente do epígrafe, salientando que o mesmo foi posto ó dispor da Comisión Especial de Contas na sesión celebrada o pasado día 4 de outubro de 2012.

O Concello Pleno dáse por enterado.

CONCELLO DE XOVE

10) INFORME DE TESOURERÍA E INTERVENCIÓN CORRESPONDENTE Ó TERCEIRO TRIMESTRE DO EXERCIZO 2012, OS EFECTOS DO PREVISTO NO ART. 4 DA LEI 15/2010 DE 5 DE XULLO. DAR CONTA.

Pola Interventora Municipal explícanse os aspectos mais salientables do informe do epígrafe, salientando que á data de hoxe non existe ningunha factura por abonar, correspondente ó terceiro trimestre do dano.

O concello pleno dáse por enterado.

11) ROGOS E PREGUNTAS.

Por Secretaría dáse lectura ás preguntas por escrito, presentadas polo grupo municipal do BNG que a seguir se transcriben:

Marco López López, concelleiro-portavoz do Grupo Municipal do BNG na Corporación Municipal de Xove, ao abeiro da lexislación vixente EXPÓN:

*O Grupo Municipal do BNG manifesta a súa preocupación pola entrada en vigor do Real Decreto-Lei 20/2011 do 13 de xullo; unha norma que contén, entre moitas outras medidas, a **minoración retributiva e de dereitos laborais** para as empregadas e os empregados públicos. O noso Grupo entende que esta nova perda de poder adquisitivo terá un efecto indirecto sobre o consumo no concello e no tecido económico local, pois elimina o poder de compra dos traballadores públicos nunhas datas tan sinaladas coma o Nadal.*

PREGUNTAS:

- *A que cantidade ascende a paga extra de Nadal que se lle retira ao conxunto dos empregados municipais do Concello de Xove?*
- *A que cantidade ascende a paga extra que se lle retira aos catro cargos políticos liberados do goberno municipal?*
- *Que partida orzamentaria concreta acrecentará a cuantía detraída?*

O pasado mes de xuño os edís do PP na corporación de Xove aprobaron en solitario a modificación do regulamento do Servizo de Axuda no Fogar, o que implicou un considerable incremento do custo desta prestación asistencial.

O Bloque Nacionalista Galego de Xove tivo coñecemento da elevación dos prezos públicos até o punto de que chega a saír máis económico contratar o servizo directamente coa empresa adxudicataria que a través do propio concello. A información á que tivo acceso o noso grupo municipal amosa que o importe total por hora de servizo é de 14,52 euros a través do departamento municipal de Servizos Sociais, pero se o contrato se realiza directamente coa empresa Coidados a hora sae a 9,70 euros.

PREGUNTAS:

- *A que se debe esta diferenza entre o prezo público e o prezo de mercado?*
- *Dado que as administracións públicas subvencionan parte deste servizo, non debería reflectirse un abaratamento no prezo final que pagan as persoas usuarias*

A seguir, por Secretaría dáse lectura ó escrito de contestación asinado polo Sr. Alcalde-Presidente, que a seguir se transcribe integramente:

CONTESTACIÓN ÁS PREGUNTA FORMULADAS POLO GRUPO MUNICIPAL DO B.N.G. PARA A SESIÓN ORDINARIA DO PLENO CORPORATIVO DE DATA 8 DE OUTUBRO DE 2012.

CONCELLO DE XOVE

PRIMEIRA PREGUNTA.- A pregunta plantexada entendese contestada coa documentación obrante nos expedientes debatidos como puntos 7º e 8º da Orde do Día da presente sesión plenaria.

SEGUNDA PREGUNTA.-

1.- Consonte a documentación obrante nos correspondentes expedientes o prezo por hora que o Concello de Xove abona na actualidade á iniciativa local de emprego COIDADOS S.L. concesionaria do Servizo de Axuda no Fogar (SAF) é de 13'06 € x hora (IVE incluído).

Dito prezo ven determinado polas sucesivas revisións de prezos previstas no correspondente contrato realizadas desde o ano 2006 no que se adjudicou a concesión do SAF á citada mercantil no prezo ofertado de 10'59 € x hora (IVE incluído)

Compre sinalar que o prezo de adjudicación era o mínimo que fixaba o art. 24 da Resolución do 6 de xullo de 2005, da Dirección Xeral de Relacións Laborais pola que se dispuxo a inscrición, o rexistro e a publicación no DOG, do acordo da comisión paritaria do convenio colectivo de Galicia para a actividade de axuda a domicilio, sobre a adaptación do convenio colectivo á resolución da sentenza ditada pola Sala Social do TSXG.

Reiterase que o prezo que o Concello paga a Coidados S.L. na actualidade é de 13'06 € x hora (IVE incluído).

Os 14'52€ x hora dos que vostede fala é o resultado de engadir; para o calculo do custo real do servizo; aos 13'06€ que se pagan a Coidados S.L. os costes soportados polo Concello derivados directamente dos salarios percibidos polas 2 auxiliares de clínica adscritas ao SAF e indirectamente na proporción reflectida no preceptivo informe económico financeiro emitido pola Interventora Municipal os gastos xerais de funcionamento do departamento de Servizos Sociais Municipais.

Como consecuencia do exposto e á vista do reflectido no Acordo Regulador do Prezo Público pola prestación do SAF resulta obvio sinalar que ningún veciño de Xove beneficiario do SAF nin aqueles cuos ingresos son maiores que 2'5 do IPREM paga máis de 13'06 € x hora (IVE incluído), todo o contrario xa que a data de hoxe según os datos obrantes no Departamento de Servizos Sociais no que se refire as cantidades abonadas polos beneficiarios do SAF (obviamente na modalidade de libre concorrencia) o resultado é o seguinte:

Nº total de usuarios: 88

Datos segundo o copago:

- Nº usuarios con copago do 0%: 6
- Nº usuarios con copago do 30% (4,35 €/h): 53
- Nº usuarios con copago do 50% (7,26 €/h): 19
- Nº usuarios con copago do 70% (10,16 €/h): 8
- Nº usuarios con copago do 90% (13,06 €/h): 2

Esta Alcaldía descoñece por non ser da súa competencia os prezos que a mercantil Coidados S.L. poida estar cobrando no “mercado “ fora do ámbito do SAF municipal, ó igual que descoñece se eses servizos o que se refire o BNG son os mesmos que constitúen o obxecto e razón de ser do SAF, o igual que descoñece se eses prezos son unha medida económico empresarial para, renunciado a parte dos seus lexítimos beneficios, mante-lo nivel de facturación bruta e garanti-la conservación dos postos de traballo.

CONCELLO DE XOVE

2.- Se ós datos anteriormente transcritos sobre as cantidades abonadas; segúndo a súa capacidade económica e necesidade de axudas; polos beneficiarios do SAF engadimos os obrantes na Conta Xeral que reflicten que o SAF, computando a subvención de 189.284'11 € concedida pola Xunta de Galicia e a subvención de 40.485'00 € concedida pola Deputación Provincial, **ten UN DEFICIT de 426.766'75 € equivalente ao 54'80 % do custo total do servizo que financia integramente o Concello de Xove** non se entende moi ben como o BNG pode pedir un abaratamento maior das tarifas que pagan os usuarios cando sabe de sobra o que a lei dispón sobre o financiamento dos servizos públicos que como este se financian con prezo público.

E sen mais asuntos que tratar, sendo as vinte horas e cinco minutos, levántase a sesión, estendéndose a acta presente, de todo o que como Secretario, dou fé.

O ALCALDE,

O SECRETARIO,

Asdo: José Demetrio Salgueiro Rapa

Asdo: Luís María Fernández del Olmo

